

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Decreto 132/2010, do 1 de xullo, polo que se modifica o Decreto 184/2007, do 13 de setembro, polo que se crea a Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios.

O Decreto 184/2007, do 13 de setembro, creou a Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios como un instrumento para asegurar a coordinación dos fondos comunitarios, coa finalidade de procurar a complementariedade dos fondos e a eficiencia no logro do obxectivo da converxencia.

Este órgano naceu en aplicación das previsións establecidas no Regulamento 1083/2006, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento 1260/1999 e no Marco Estratéxico Nacional de Referencia 2007-2013.

Por outra parte, a nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, establecida polo Decreto 79/2009, do 19 de abril, comporta unha reasignación das competencias relacionadas coa xestión e seguimento dos programas operativos dos fondos comunitarios para o período 2007-2013 e tamén introduce cambios na adscrición dalgúns organismos ou entes.

Por todo iso, faise necesario modificar o Decreto 184/2007 para adecuar as súas disposicións de modo que reflecta a actual distribución de competencias e potenciar deste xeito o maior grao de eficiencia da devandita comisión.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Facenda e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día un de xullo de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do Decreto 184/2007, do 13 de setembro, polo que se crea a Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios nos termos que se indican a continuación:

Un. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 1, que queda redactado como segue:

«A referida comisión terá carácter interdepartamental e estará adscrita á Consellería de Facenda».

Dous. Modifícase o artigo 2, que terá a seguinte redacción:

«A Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios estará formada polas persoas titulares das seguintes secretarías e direccións xerais:

a) Dirección Xeral de Planificación e Fondos, da Consellería de Facenda.

b) Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria.

c) Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural.

d) Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo e Benestar.

e) Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, da Consellería do Mar.

f) Secretaría Xeral de Igualdade.

g) Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

h) Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, da Consellería de Sanidade.

i) Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A presidencia da comisión corresponderalle ao membro pertencente á Consellería de Facenda.

A secretaría da comisión será desempeñada pola persoa encargada da subdirección xeral con competencias específicas na materia ou, na súa ausencia, pola que designe a presidencia.

A comisión reunirse en sesión ordinaria tres veces ao ano e con carácter extraordinario cando sexa convocada pola presidencia, por iniciativa propia ou por petición da maioría simple dos seus membros».

Tres. Modifícase o artigo 3.b), que queda redactado como segue:

«b) Elaborar e propoñer á persoa titular da Consellería de Facenda os procedementos para a efectiva coordinación entre a política de cohesión autonómica reflectida no Mecega e as correspondentes políticas sectoriais reflectidas nos plans estratéxicos das consellerías afectadas».

Catro. Modifícase o artigo 3.d), que queda redactado como segue:

«d) Cando cumpra, coordinar, para cada programa operativo, o establecemento e seguimento dos criterios de delimitación entre as operacións apoiadas polo Feder e o FSE e as apoiadas por outros instrumentos de axuda comunitaria, así como as que se poidan producir entre o Feader e o FEP cando ambos os fondos financien actuacións no mesmo ámbito territorial».

Cinco. Modifícase o artigo 3.f), que queda redactado como segue:

«f) Aquelas funcións que lle encomende a Consellería de Facenda a prol dunha xestión eficaz e eficiente dos fondos comunitarios durante o período de programación 2007-2013».

Seis. Modifícase a disposición derradeira primeira, que queda redactada como segue:

«Primeira.- Facúltase a persoa titular da Consellería de Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto».

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, un de xullo de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 30 de xullo de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillas/os menores de tres anos, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4, determina que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social. Así mesmo, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia, establece, no seu artigo 3.2º, como principio reitor da actuación dos poderes públicos de Galicia o impulso dunha política integral de apoio á familia que teña en conta as súas necesidades básicas e as dos seus membros. No artigo 3.9º recóllese como un dos principios reitores dos poderes públicos de Galicia, a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións, públicas ou privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia, á infancia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social. Así mesmo, no artigo 11 da dita

lei establécese que a Xunta de Galicia, no ámbito da comunidade autónoma e no exercicio das súas competencias, garantirá unha protección integral da familia e arbitrará as medidas necesarias para evitar toda discriminación dela ou dos seus membros por razón do seu propio carácter, tanto na orde xurídica como na económica e social, e no exercicio desas competencias, tal e como se recolle no artigo 12 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, a Xunta de Galicia desenvolverá, entre outras actuacións, a de garantir a creación de servizos de información e asesoramento ás familias que, a través de persoal especializado, orienten sobre o exercicio da maternidade e paternidade responsable e a planificación familiar.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece, no seu artigo 3, que a protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente, e sendo a maternidade un ben insubstituíble, todas as cargas e coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización dos fillos e fillas, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres. Así mesmo, no artigo 28 desta lei, establécese que a Xunta de Galicia adoptará dentro das súas competencias as medidas conducentes a favorecer, en condicións de igualdade entre mulleres e homes, a inserción social das mulleres en situación de exclusión social, especialmente cando estean a cargo de familias monoparentais.

De conformidade co Decreto 325/2009, do 18 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, correspóndenlle á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, a función de promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes segundo o disposto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, segundo o cal lle corresponden a esta consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno nos ámbitos laborais e do benestar, englobando, entre outras, as competencias en materia de política laboral, políticas de familia e a atención a persoas en situación de risco de exclusión social.

Con base nas ditas competencias, a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, consideran necesario desenvolver programas específicos de apoio á protección da organización familiar, fortalecer a estrutura familiar e así protexer a cada persoa membro desta, prestando especial atención ás mulleres novas embarazadas, en situación de risco de exclusión derivada da súa situación socioeconómica, formativa ou cultural, promovendo que estas poidan adquirir os